



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALLEGA DE ORGANIZACIONES DE MAYORES (**COGAMA**) PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2017.

Santiago de Compostela, **28 XUN. 2017**

REUNIDOS

Dunha parte:



Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don José Piñeiro Bernárdez, con DNI nº 36072302E, que actúa, en virtude da súa condición de presidente, en nome e representación da Confederación galega de organización de maiores (en adiante **COGAMA**), con CIF G36902385, con domicilio social na Avda. García Barbón, 30 2ªda. Vigo- Pontevedra.

Ambalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das



XUNTA DE GALICIA

persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

Confederación Gallega **SEGUNDO:**



Que COGAMA figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1544. Sendo a súa finalidade, entre outras e de acordo cos seus estatutos, agrupar ás asociacións lexitimamente establecidas relacionadas directa ou indirectamente con grupos de persoas maiores, pensionistas, xubilados, próximos á xubilación e da terceira idade, así como levar a cabo proxectos de investigación, formación, información, culturización e documentación nas áreas de materias relacionadas coas ciencias, técnicas e profesións que afectan ós maiores.

TERCEIRO:

Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da





XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social, e as específicas necesidades inherentes ó colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

Confederación Galega

de Mayores

COGAMA

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e COGAMA para o financiamento das actividades artísticas e culturais, socio-comunitarias de convivencia e de animación á lectura dirixidas ós maiores que desenvolve COGAMA durante o ano 2017.


SEGUNDA. *Orzamento*

A Consellería de Política Social para a execución destas actividades achegará a COGAMA para o ano 2017 a cantidade de **vinte dous mil euros (22.000,00 euros)** con cargo á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA. *Actuacións subvencionables*

As actuacións que se compromete a levar a cabo COGAMA durante o período de vixencia deste convenio son:

- actividades artísticas e culturais.
- actividades socio-comunitarias de convivencia.
- actividades de animación á lectura.






XUNTA DE GALICIA

CUARTA. Obrigas

COGAMA deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as seguintes obrigas:

1. Realizar as actividades ou adopta-lo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento, e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectua-lo órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realiza-los órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, no seu caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
5. Acreditar, mediante declaración responsable, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garanti-lo adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.





XUNTA DE GALICIA

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
9. Incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e ter en conta a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actuacións que son obxecto do presente convenio de colaboración. Na memoria final de execución que se presente, desagregarase por sexo toda a información relacionada co obxecto do convenio que se refira a persoas. Así mesmo, na documentación e material que se xere, empregaranse linguaxe e imaxes non sexistas.
10. Deseñar e desenvolver as actuacións obxecto do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.



11. Incluir dentro da súa programación actividades promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social destinadas a:

- A promoción da saúde e o benestar: a través de obradoiros nos que se aborden aspectos relativos ao sono, a hábitos de vida saudables, a prevención de caídas, a exercicio físico, etc.
- O desenvolvemento persoal e ciclo vital: a través de obradoiros que aborden temáticas relativas á toma de decisións, ás relacións, á planificación e xestión do tempo persoal, etc.
- Exercitar habilidades sociais e a promover a participación e o voluntariado.
- O uso e manexo das novas tecnoloxías.

12. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.





XUNTA DE GALICIA

QUINTA. Xustificación e pagamento



1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2017**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

3. O pagamento das achegas farase do seguinte xeito:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Poderán acordarse, ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo), ata dous pagamentos parciais a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente.
- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio.

4. Deste xeito, ata o 80% da contía total concedida, poderá facerse efectivo mediante pagos parciais na medida que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados,





XUNTA DE GALICIA


previa **acreditación do emprego das cantidades concedidas mediante certificación**, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, **dos gastos realizados** que incluíra a **relación das facturas e xustificantes dos gastos** realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos **xustificantes-facturas dos gastos** realizados e a **acreditación do pagamento** efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así mesmo achegará a **certificación do órgano competente** relativa ao cumprimento dos fins das cantidades obxecto deste convenio.

COGAMA remitirá á Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, xunto coa xustificación do 20% restante ou, en todo caso, coa última xustificación do emprego da cantidade restante ata a totalidade do proxecto e en todo caso con **data límite do 10 de decembro de 2017**, un **informe-memoria detallado** de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio en cada centro acompañada de **certificación expedida polo representante** da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, COGAMA queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que poderá presentarse na primeira quincena de febreiro de 2018.

6. No momento da presentación da primeira e da última xustificación do convenio, a entidade achegará unha **declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes. Do mesmo xeito acreditará, mediante **declaración responsable**, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten





XUNTA DE GALICIA

pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

7. Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

SEXTA. *Inexistencia de relación laboral*



COGAMA queda facultada para designa-lo persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

COGAMA asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ó exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

SÉTIMA. *Obrigas de publicidade*

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de





XUNTA DE GALICIA

Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda COGAMA adquire tamén os compromisos e obrigas de: dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: **financiado pola Consellería de Política Social.**


OITAVA. Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e COGAMA obrígase ao cumprimento da normativa establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicasocial@xunta.es.

NOVENA. Vixencia

Confederación Galega
de Organizaciones
de Mayores
COGAMA





XUNTA DE GALICIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o **10 de decembro de 2017**, establecida no apartado 2 da cláusula quinta deste convenio.

DÉCIMA. *Seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de COGAMA. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.


Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegro e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais





XUNTA DE GALICIA

reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Natureza e réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase de dun acto presunto contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei

Confederación Galega
de Organizaciones
de Maiores





XUNTA DE GALICIA

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

Confederación Galega
de Organizaciones
de Mayores
COCAMA

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**



José Manuel Rey Varela

**POLA CONFEDERACIÓN GALEGA
DE ORGANIZACIÓNS DE MAIORES**

Confederación Galega
de Organizaciones
de Mayores
COCAMA

José Piñeiro Bernárdez